



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso
administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2021/G010/000001
Sesión núm. 01/2021

DECRETO DA ALCALDÍA DA CONVOCATORIA DO PLENO

De conformidade co establecido no artigo 46, apartados 2 e 3 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e nos artigos 78 e 80 do real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en consonancia co Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se decretou o Estado de Alarma polo Goberno de España para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, co Real Decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declarou novamente o Estado de Alarma polo Goberno de España para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-Cov-2, e as medidas sanitarias en vigor

RESOLVO

PRIMEIRO.- Convocar sesión do Pleno do Concello a celebrar de forma telemática nas data e hora que se indican en primeira convocatoria, e corenta e oito horas máis tarde en segunda convocatoria coa seguinte orde do día:

Sesión de: Pleno	Data da sesión: 28 de xaneiro do 2021
Convocatoria: Ordinaria telemática	Hora: 20.00
	Lugar: A distancia; vídeo-conferencia Zoom

ORDE DO DÍA

- 1º.- Aprobación das actas (sesión núms. 14 e 16/2020).
- 2º.- Regulamento de uso do Centro de Lecer Xuvenil da OMIX.
- 3º.- Aceptación de tres parcelas herdadas de Dª Josefa Bello Pardo.
- 4º.- Cesión da lancha patexeira "Balbina".
 - A. Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 21 de decembro do 2020 (núm. 2.793) ata o 22 de xaneiro do 2021 (núm. 152).
 - B.- Mocións.
 - C.- Rogos e preguntas.

SEGUNDO: Dar traslado da presente Resolución aos sres. concelleiros membros do órgano Colexiado, advertíndolles de que, conforme co disposto polo artigo 12.1 do RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar con antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión, así como que se lles remitirá a ligazón ao correo electrónico para participar na sesión media hora antes da celebración, de acordo cos métodos practicados nestes días.

TERCEIRO: Que se poña a disposición dos concelleiros a documentación íntegra dos asuntos incluídos na orde do día, que deba servir de base ao debate e, de ser o caso, votación, na Secretaría do Concello, aparte da remisión por medios dixitais da documentación.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e polo secretario acctal. do Concello, Juan Esteban Méndez Leiva, o 25 de xaneiro do 2021.